



No mes de maio de 2025, tras a homenaxe en A Grade a Concha, Carlos Pérez Blanco facilitounos unha versión desta cantiga que se facía na zona e que el conservaba dende 1996. Foi recollida por escrito nos anos 70 pola súa avoa Sara Figueroa, da Casa do Chiro da Cruz na parroquia de Agrade, Ladeiras do Faro.

A xente de San Vicente (de Agrade)

Boa xente en San Vicente
borrachistas os de Esmoriz
tavaquistas os de Bermún
ambuentos os de Santa Mariña do Anexo
Requeixo, come papas
os de Seoane teñen dúas caras:
chaqueteiros e jorras tortas
lázaros os da Carballeira
laudos os de Furco
naviños os de Santa Cristina
os de Buciños dúas caras
torresmeiros os de Santa Mariña do Castro
piruchistas os de Cartelos
papeiros os de Santa Cruz
famentos os de Santa Euxenia
pleiteantes os de San Pedro.